

ANUNCIO

En data 12.12.2025 fixéronse públicos os acordos do tribunal do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de dúas vacantes de peón/a de edificios incluídas na OEP 2021 coa valoración definitiva do proceso selectivo.

O prazo para a presentación de alegacións ás cualificacións do tribunal transcorreu sen que se presentara ningunha, quedando así elevada a definitiva a seguinte Proposta de resolución do proceso:

“-Quenda libre:

- * Persoa aprobada: **SUSANA CEBREIRO PAZ**
- * Proposta de resolución: contratación

-Quenda discapacidade:

- * Persoa aprobada: ningunha
- * Proposta de resolución: declaración de deserto do proceso”

No prazo de vinte (20) días naturais contados dende o seguinte a aquel no que se publique este anuncio, a persoa aspirante proposta para a contratación deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da LPACAP, os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

a. Declaración responsable de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de funcionarios/as do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.

b. Certificado médico oficial asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que se posúe a capacidade funcional (capacidades e aptitudes físicas e psíquicas) necesaria para o desempeño das funcións e tarefas da praza á que se accede.

c. Declaración responsable de non acharse incurso/a en causa algunha de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa incorporación efectiva .

d. Número de afiliación á seguridade social

e. Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais

Se no prazo e forma antes indicados (agás nos casos de forza maior debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía) a persoa proposta para a súa selección e contratación non presentara a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratada e entenderase que renuncia aos seus dereitos inherentes; e isto sen prexuízo das responsabilidades nas que, de ser o caso, puideran incorrer por falsidade.

Asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal Estefanía Manteiga Lamas.